- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cuntis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.32344.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS DO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN - 2023” (Expte. 2023006189)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un



prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

- En data 31/01/2023 por rexistro WEB2023004819, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, petición do *Concello de Lalín* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 1.083.662,82 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños rurais do termo municipal de Lalín - 2023*”, cun orzamento que importa 1.083.662,82 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Aualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
TOTAL	1.083.662,82	1.083.662,82	0,00	0,00

- Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, aportando aos efectos a solicitude das preceptivas autorizacións sectoriais.
- En data posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, así como, a aprobación do proxecto e o Anexo III (Acta trazado previo), debendo o *Concello* realizar a súa aportación (autorizacións sectoriais, Anexo III e aprobación do proxecto), xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida, conforme ao establecido na base 12ª do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 13/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade::

- Conceder ao *Concello de Lalín* CIF P3602400H a cantidade de 1.083.662,82 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños rurais do termo municipal de Lalín - 2023*”, (Expte.2023006189) cun orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana, AXI da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Servizo de Mobilidade da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o *Concello de Lalín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21^a.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Lalín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.32345.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS: SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA” (EXPTE. 2023005603)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.



- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 27/01/2023, con rexistro núm.WEB2023004145, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2), petición do *Concello de Moaña* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 95.049,05 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente de prestación de servizos municipais: servizo de limpeza viaria*” (Expte. 2023005603), cun orzamento por importe de 102.165,12 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	102.165,12 €	95.049,05 €	7.116,07 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 13^a das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF:P3602900G, a cantidade de 95.049,05 euros, para a realización da actuación “*Gasto corrente de prestación de servizos municipais: servizo de limpeza viaria*” (Expte.:2023005603), cun orzamento por importe de 102.165,12 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data



28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.32346.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PORTAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAMPO DE FÚTBOL DE ROMA” (Expte.2023005590)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios, 2022 e 2023, consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.
- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 26/01/2023 por rexistro WEB2023004078 dentro do prazo fixado na convocatoria, emendada nas datas 29/01/2023, 03/02/2023 ,08/02/2023 , 26/02/2023 e 27/02/2023(núm rexistro WEB2023004340, núm. rexistro WEB2023006081 , núm. rexistro WEB2023007099, núm. rexistro WEB2023011856 e núm. rexistro WEB2023012198 respectivamente), consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de PORTAS na que solicitaba con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 277.647,23 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Campo de Fútbol de Romar*” (Expte. 2023005590), cun orzamento de 286.558,10 euros, e unha achega de fondos propios que ascenden a 8.910,87 euros, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	286.558,10€	277.647,23€	8.910,87€



- Do expediente infírese que son precisas autorizacións sectoriais da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, solicitada na data 11 de novembro de 2022, ao Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural de data 28 de xuño de 2021, e ao Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural, con data 28 de xuño de 2021. En consecuencia a concesión da subvención irá condicionada a presentación das mencionadas autorizacións unha vez as acade.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 08/02/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible,



elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



DA XESTIÓN DO CICLO DA AUGA

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferendae*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.

O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do Facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Portas* CIF P3604000D a cantidade de 277.647,23 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao investimento “*Campo de Fútbol de Romai*”, (Expte.2023005590) cun orzamento polo importe de 286.558,10 euros e unha achega de fondos propios de 8.910,87 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	286.558,10€	277.647,23€	8.910,87€

- Convén lembrar que o *Concello de Portas*, deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto que se financia.



- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *Concello de Portas* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concello 2022-2023 , o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Portas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

11.32347.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “MEMORIA DE ACTIVIDADES E SERVIZOS PLAN CONCELLOS 2023-LIÑA 2 CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS” (Expte. 2023004803)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e



financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.

- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), a Liña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (liña 2)
- En data 21/01/2023, con rexistro núm.WEB2023003295, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2), petición do *Concello de Salceda de Caselas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 67.176,24 euros, con destino ao financiamento de “*Memoria de actividades e servizos Plan Concellos 2023-Liña 2 Concello de Salceda de Caselas*” (Expte.:2023004803), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	67.176,24 €	67.176,24 €	0,00 €



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Campaña de dinamización do comercio e hostalería local 2023	11.873,73 €	11.873,73 €
Servizo de atención e asesoramento psicolóxico	14.997,41 €	14.997,41 €
Festas do Cristo (caché actuación musical, sonorización e instalación de alumeado)	23.304,60 €	23.304,60 €
Aluguer de diferentes carpas para a Festa dos callos	10.000,65 €	10.000,65 €
Realización dunha memoria sobre os petróglifos do Coto da Chan	6.999,85 €	6.999,85 €
TOTAL	67.176,24 €	67.176,24 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.



- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF:P3604900E, a cantidade de 67.176,24 €, para a realización da actuación “*Memoria de actividades e servizos Plan Concellos 2023-Liña 2 Concello de Salceda de Caselas*” (Expte.:2023004803), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.32348.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DA FONTIÑA-BORDÓNS”. (Expte. 2023005878)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).



De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 27/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Sanxenxo* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 71.944,02 euros, con destino ao financiamento “*Pavimentación do camiño da Fontiña-Bordóns*”, cun orzamento por importe de 71.944,02 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	71.944,02	71.944,02	0,00	0,00
TOTAL	71.944,02	71.944,02	0,00	0,00

- Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 07/02/2023.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao



Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.

- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo* CIF P3605100A, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 71.944,02 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación do camiño da Fontiña-Bordóns*” (Expte.2023005878) cun orzamento polo importe de 71.944,02 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	71.944,02	71.944,02	0,00	0,00
TOTAL	71.944,02	71.944,02	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o *Concello de Sanxenxo* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.32349.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIONES ACONTECIDAS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte.2023012482)

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria extraordinaria de subvencións da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra que xorden como instrumento de asistencia aos concellos no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación de Pontevedra por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal).

Estas bases e a súa convocatoria rexerán a concesión das subvencións para o financiamento daquelas actuacións que, no marco das competencias municipais, permitan a reparación de danos en infraestruturas, instalacións e/ou equipamentos de titularidade municipal, sempre que os danos garden unha relación directa de causalidade coas inundacións extraordinarias acontecidas entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023 e así o certifique o persoal técnico/facultativo municipal competente.

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

- Reparación e reconstrución de bens, infraestruturas, instalacións e equipamentos.
- Retirada de materiais, limpeza e reacondicionamento de bens e espazos públicos.
- Construción de muros de contención, terrapléns, pedrapléns de apoio e protección e actuacións de aseguramento de espazos e bens.
- Reposición de materiais e elementos danados.
- Outras actuacións de reparación, recuperación, reposición, acondicionamento ou rehabilitación dos bens, infraestruturas, equipamentos ou instalacións danados polas inundacións.



O financiamento realízase con fondos propios da Deputación, previa tramitación do pertinente expediente de modificación de crédito, e, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, constituirán a normativa específica destas axudas.

As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrência non competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2023 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Vista toda a documentación relativa ó citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación (CSV: H34AZQNE6GVWS2WT) e da Intervención Provincial (CSV: AOV7Z7587A7W2VH9), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria extraordinaria de subvencións da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, financiada pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de dous millóns setecentos vinte mil dezaseis (2.720.016,00) euros, imputable ás aplicacións orzamentarias 2023/942.9428.462.97, para gastos correntes, e 2023/942.9428.762.97, para gastos de investimentos reais, quedando condicionadas á aprobación do expediente de crédito extraordinario para dotación do financiamento correspondente.

As bases reguladoras figuran con CSV: 82CMDDB6DP5G0U48M.

2º.- Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

14.32350.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS FEDERADAS OFICIAIS NO ANO 2023 (Expte. 2022069482)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais para o ano 2023 na que se convoca o programa DE_C/23 “Clubs deportivos de ámbito náutico” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 27 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela para o ano 2023, e que figuran co CSV: 0QIYIIXPZZEN7JDN.



15.32351.- APROBACIÓN DA II ADDENDA AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: MOAÑA, GONDOMAR, ILLA DE AROUSA, LALÍN, RODEIRO, PONTECESURES, A ENTIDADE LOCAL MENOR DE MORGADANS E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA (Expte. 2023004117)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estendeu ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219).

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2022 (modificado posteriormente por acordo nº 24.32387 de data 9 de decembro de 2022), prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2024, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2022, foi aprobada a II Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2024, data de finalización da segunda prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Quinto.- Para a formalización da devandita II addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Sexto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións das II addendas ao convenio, das seguintes Entidades Locais: *Moaña, Gondomar, A Illa de Arousa, Lalín, Rodeiro, Pontecesures a Entidade Local Menor de Morgadans e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo.*



Sétimo.- A aprobación das II addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención Xeral de data 27 de febreiro de 2023.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes II addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as II addendas aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: *Concello de Moaña, Concello de Gondomar, Concello de A Illa de Arousa, Concello de Lalín, Concello de Rodeiro, Concello de Pontecesures a Entidade Local Menor de Morgadães e a Mancomunidade de Concellos do Morrazo*, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, desde o 11 de marzo de 2023 ata o 10 de marzo de 2024, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

Nº	Entidade Local	Poboación	Pagamento por Entidade
50	Concello de Moaña	19.474	4.500,00 €
51	Concello de Gondomar	14.970	3.500,00 €
52	Concello da Illa de Arousa	4.878	1.500,00 €
53	Concello de Lalín	20.201	5.500,00 €
54	Concello de Rodeiro	2.317	1.000,00 €
55	Concello de Pontecesures	3.079	1.500,00 €
56	Entidade Local Menor de Morgadães	-	-
57	Mancomunidade de concellos do Morrazo	-	-

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas II addendas ao convenio mediante a súa sinatura.



16.32352.- RESOLUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A IMPLANTACIÓN DE AGRO-COMPOSTAXE EN SINERXÍA COS BIORRESIDUOS MUNICIPAIS (Expte. 2022048522)

Antecedentes de feito:

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 5 de agosto de 2022, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia nº 157, de data 18 de agosto de 2022.

O obxecto desta convocatoria é promover e aproveitar as sinerxías asociadas á co-compostaxe de biorresiduos de orixe doméstica, recollidos de forma separada en orixe, cos residuos orgánicos agro-gandeiros, silvícolas, vitivinícolas, hortofrutícolas ou similares, cunha liña de subvencións destinada a financiar a construción ou adaptación das instalacións adecuadas para iso, na que se inclúe tanto a obra civil coma a maquinaria etc., coa finalidade de utilizar en orixe o compost resultante.

Poderán ser beneficiarias desta liña de subvencións aquelas entidades, empresas, cooperativas, persoal autónomo da provincia de Pontevedra que, como consecuencia da súa actividade, sexan xeradores de residuos orgánicos susceptibles de seren compostables e consumidores de fertilizantes ou emendas de orixe orgánica.

Ademais do anterior, as entidades solicitantes deberán:

- Ter dada de alta a súa actividade e contar coas correspondentes autorizacións administrativas
- Ter unha facturación media dos últimos tres anos igual ou superior a 500.000,00 euros
- Dispoñer de terreos adecuados e suficientes, no lugar de produción dos residuos ou próximos a el, para a instalación ou ampliación da planta de co-compostaxe e para aplicar todo o compost producido na instalación de co-compostaxe.

Segundo. Debido á propia natureza da convocatoria, nas bases reguladoras establecíase que a valoración das solicitudes se realizaría de maneira independente nas seguintes fases:

FASE 1.- No prazo de 30 días naturais desde a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, as posibles entidades beneficiarias presentarán unha manifestación de interese en participar nesta convocatoria xunto cunha serie de documentación que se reflectía na base sexta.

FASE 2.- Unha vez que o persoal técnico provincial verifique a viabilidade da solicitude inicial e emita o informe correspondente, se lles notificará dita circunstancia ás entidades seleccionadas e abrirase un novo prazo de 120 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPPO desa comunicación, para que acheguen o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica da instalación e que serán obxecto de valoración conforme aos criterios establecidos na base décimo primeira; así mesmo, ás entidades que non resultasen seleccionadas se lles comunicarán os motivos do rexeitamento.



Terceiro. Unha vez finalizado o prazo relativo á fase 1, as solicitudes presentadas foron as seguintes:

1. ACCESCA EMPREGO
2. ASOCIACIÓN SAN XEROME EMILIANI
3. ECOCELTA GALICIA S.L.
4. BODEGAS MARTÍN CÓDAX, S.A.
5. VIÑAS E TERRAS DO PAZO, S.L
6. SEÑORÍO DE RUBIÓS, S.L.

INSTRUCCIÓN E PROCEDEMENTO

De conformidade co disposto na base 12ª da convocatoria, unha vez presentadas as manifestacións de interese e demais documentación, comprobarase por parte do servizo instrutor que se axustan ao requirido nas bases, solicitando as emendas que procedan, no seu caso, polo prazo de dez (10) días hábiles.

Posteriormente, o persoal técnico provincial verificará a viabilidade das peticións tendo en conta as condicións establecidas nas bases da convocatoria e iniciarase un proceso de asesoramento na redacción da documentación que se debe presentar na segunda fase, e elaborárase, para cada entidade solicitante, un informe onde se apuntará con carácter orientador e respecto aos seus residuos, a cantidade de biorresiduos de orixe doméstica que podería tratar na instalación de compostaxe.

Á vista do anterior, emitirase un informe-proposta por parte da Xefatura do Servizo de Asistencia Intermunicipal no que se relacionen as entidades seleccionadas para a segunda fase, así como a proposta motivada de exclusión de solicitudes, para a súa resolución polo órgano competente e que se lles notificará ás entidades interesadas.

Finalizada a instrución da primeira fase, o Servizo de Asistencia Intermunicipal emite informe en data 27 de febreiro de 2023, con CSV: 05EO3VJNPMEU12WA, no que se relacionan de xeito motivado as entidades seleccionadas para a segunda fase, así como as excluídas deste procedemento.

Visto que de acordo co disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aceptar as solicitudes presentadas por Accesca Emprego, Asociación San Xerome Emiliani, Bodegas Martín Códax S.A. e Viñas e Terras do Pazo S.L. ao cumprir os requisitos da fase 1 da convocatoria de subvencións para a implantación de agrocompostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais. Respecto destas entidades, abrírase un novo prazo de 120 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPPO desta comunicación, para que acheguen o anteproxecto e o estudo de viabilidade económica da instalación que serán obxecto de valoración conforme aos criterios establecidos na base décimo primeira.



Segundo. Excluir do procedemento as solicitudes presentadas por Ecocelta Galicia S.L. e Señorío de Rubiós S.L. nos termos expostos no informe do Servizo de Asistencia Intermunicipal citado anteriormente, que se acepta na súa integridade servindo de motivación ao presente acordo, e que se lle notificará a todas as entidades participantes nesta convocatoria.

17.32353.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE A PARCELA E-11 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO, A FAVOR DA EMPRESA DISTRIBUCIONES MAROÑO E HIJOS S.L. (Expte. 2023002627)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 21 de febreiro de 2023, que textualmente di:

“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Pleno Provincial, na sesión do 25 de marzo de 2022, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adxudicación directa, das 22 parcelas desertas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrencia.

O 12 de xaneiro e o 10 de febreiro de 2023 teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nºs de rexistro web 2023001731 e 2023007762), escritos da empresa DISTRIBUCIONES MAROÑO E HIJOS, S.L., con CIF B-15723893, a través dos cales solicita o exercicio de constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela E-11 de 2.142,65 m², ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 212.122,35 €. O prezo total, IVE incluído, é de 256.668,04 € (212.122,35 € + 44.545,69 € de IVE).

Así mesmo, aporta documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial a garantía esixida na cláusula 18ª do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adxudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

- Parcela E-11, DOCE MIL SETECENTOS VINTESETE CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (12.727,34€), operación OIF-IF, co número 202300026510.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cumpríndose todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa DISTRIBUCIONES MAROÑO E HIJOS, S.L., con CIF B-15723893, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela E-11 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos”.



Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 23 de febreiro de 2023, que inclúe o seguinte cadro de financiación:

“...

DISTRIBUCIONES MAROÑO E HIJOS, S.L., (B-15723893)

PARCELA: E-11 _ D. SUPERFICIE

*PARCELA E-11 (2.142,65 m² *99,00€/m² (sen IVE)*

*DEREITO SUPERFICIE, INICIO: 01/04/ 2023
ANO 6= ANO 5 + 2 PUNTOS*

Drto. SUPERFICIE ANUAL 6% + sen IPAVP: 12.727,34 € 2023 ao 2027

Drto. SUPERFICIE ANUAL 8% + sen IPAVP: 16.969,79 € 2028 ao 2047

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓN
1	2023	9.545,51 €	1,00%	0,00 €	9.545,51 €	2.004,56 €	11.550,07 €	PERIODO: 01/04/23 A 31/12/23 (9 MESES)
2	2024	12.727,34 €	1,00%	127,27 €	12.854,61 €	2.699,47 €	15.554,08 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
3	2025	12.854,61 €	1,00%	128,55 €	12.983,16 €	2.726,46 €	15.709,62 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
4	2026	12.983,16 €	1,00%	129,83 €	13.112,99 €	2.753,73 €	15.866,72 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
5	2027	13.112,99 €	1,00%	131,13 €	13.244,12 €	2.781,27 €	16.025,39 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
6	2028	16.969,79 €	1,00%	865,63 €	17.835,42 €	3.745,44 €	21.580,86 €	SI NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2029	17.835,42 €	1,00%	178,35 €	18.013,77 €	3.782,89 €	21.796,66 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
8	2030	18.013,77 €	1,00%	180,14 €	18.193,91 €	3.820,72 €	22.014,63 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
9	2031	18.193,91 €	1,00%	181,94 €	18.375,85 €	3.858,93 €	22.234,78 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
10	2032	18.375,85 €	1,00%	183,76 €	18.559,61 €	3.897,52 €	22.457,13 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
11	2033	18.559,61 €	1,00%	185,60 €	18.745,21 €	3.936,49 €	22.681,70 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
12	2034	18.745,21 €	1,00%	187,45 €	18.932,66 €	3.975,86 €	22.908,52 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
13	2035	18.932,66 €	1,00%	189,33 €	19.121,99 €	4.015,62 €	23.137,61 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
14	2036	19.121,99 €	1,00%	191,22 €	19.313,21 €	4.055,77 €	23.368,98 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
15	2037	19.313,21 €	1,00%	193,13 €	19.506,34 €	4.096,33 €	23.602,67 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
16	2038	19.506,34 €	1,00%	195,06 €	19.701,40 €	4.137,29 €	23.838,69 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
17	2039	19.701,40 €	1,00%	197,01 €	19.898,41 €	4.178,67 €	24.077,08 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR



18	2040	19.898,41 €	1,00%	198,98 €	20.097,39 €	4.220,45 €	24.317,84 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
19	2041	20.097,39 €	1,00%	200,97 €	20.298,36 €	4.262,66 €	24.561,02 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
20	2042	20.298,36 €	1,00%	202,98 €	20.501,34 €	4.305,28 €	24.806,62 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
21	2043	20.501,34 €	1,00%	205,01 €	20.706,35 €	4.348,33 €	25.054,68 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
22	2044	20.706,35 €	1,00%	207,06 €	20.913,41 €	4.391,82 €	25.305,23 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
23	2045	20.913,41 €	1,00%	209,13 €	21.122,54 €	4.435,73 €	25.558,27 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
24	2046	21.122,54 €	1,00%	211,23 €	21.333,77 €	4.480,09 €	25.813,86 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
25	2047	21.333,77 €		213,34 €	21.547,11 €	4.524,89 €	26.072,00 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR

(1) Cálculos realizados con hipotético "índice de prezos aluguer de vivendas provinciais" (IPAVP) anual do 1% Aplícase o IPAVP ata que o INE publique o "índice de aluguer de oficinas autonómico", (disposición transitoria da Lei DESINDEXACIÓN)

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie con opción de compra sobre a parcela E-11 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, a favor da empresa DISTRIBUCIONES MAROÑO E HIJOS, S.L., (B-15723893), conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 23 de febreiro de 2023, e cun prazo de vixencia de 25 anos.

Segundo. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o superficiario procederá ao ingreso, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela, da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso (31 de decembro), máis o IVE correspondente; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria á conta corrente e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarase factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario "23/456-609.00 venta de parcelas polígono" no primeiro exercicio 2023.

Terceiro. Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinale na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra.



18.32354.- CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE SOBRE A PARCELA B-04 DO POLÍGONO INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO, CONCELLO DE BARRO, A FAVOR DA EMPRESA TECFRISA INSTALACIONES E INGENIERÍA S.L. (Expte. 2023001394)

Dada conta do informe-proposta do técnico colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), que conta co conforme do Secretario Xeral, de data 21 de xaneiro de 2022, que textualmente di:

“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión celebrada o 28 de xaneiro de 2022, aprobou o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (22) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, no concello de Barro.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións o Pleno Provincial, na sesión do 25 de marzo de 2022, declarou deserto o citado concurso e acordou a posibilidade de efectuar o alleamento ou constitución do dereito de superficie, por adjudicación directa, das 22 parcelas desertas durante o prazo dun ano e en iguais condicións ás que se ofertaron no prego deste concurso, previa aceptación de tales condicións na súa totalidade polos posibles compradores, coa finalidade de salvagardar os principios de publicidade, igualdade e libre concorrência.

O 30 de decembro de 2022 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro web2022065632) escrito de D. José Manuel Canabal Prado, actuando en nome e representación da empresa TECFRISA INSTALACIONES E INGENIERIA S.L., con CIF B-94070471, a través do cal solicita o exercicio de constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela B-04 de 1.805,92 m² ao prezo de 99,00 €/m², IVE excluído, isto é 178.786,08 €. O prezo total, IVE incluído, é de 216.331,16 € (178.786,08 + 37.545,08 € de IVE).

Así mesmo, aporta documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deposita na Tesourería Provincial a garantía esixida na cláusula 18ª do PCAP, equivalente ao 100% do canon anual (6% do prezo de adjudicación, IVE excluído), segundo o seguinte detalle:

- Parcela B-04, DIEZ MIL SETECIENTOS VEINTISIETE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (10.727,16 €), operación OCVD-CVD, co número 202300026088.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, cúmplense todos os trámites requiridos nos PCAP, infórmase favorablemente a solicitude da empresa TECFRISA INSTALACIONES E INGENIERIA S.L., con CIF B-94070471,, e propónse a constitución ao seu favor dun dereito de superficie sobre a parcela B-04 do Polígono Industrial Outeda-Curro (Barro), nos termos expostos”.

Visto o informe favorable á tramitación do expediente emitido pola Intervención Provincial, de data 23 de febreiro de 2023, que inclúe o seguinte cadro de financiación:

“...

TECFRISA INSTALACIONES E INGENIERIA S.L., (B-94070471)

PARCELA: B-04 -D .SUPERFICIE

PARCELA B-04 (1.805,92 m² *99,00€/m² (sen IVE)



DEREITO SUPERFICIE, INICIO: 01/04/ 2023

ANO 6= ANO 5 + 2 PUNTOS

Drto. SUPERFICIE ANUAL 6% + sen IPAVP : 10.727,16 € 2023 A 2027

Drto. SUPERFICIE ANUAL 8% + sen IPAVP: 14.302,89 € 2028 A 2047

ANO	DATA	D. SUPERFICIE INICIAL (*)	% IPAVP (1)	INCREMENTO CANON ANUAL	CANON ANUAL	IVE	TOTAL A INGRESAR (1)	OBSERVACIÓNS
1	2023	8.045,37 €	1,00%	0,00 €	8.045,37 €	1.689,53 €	9.734,90 €	PERIODO: 01/04/23 A 31/12/23 (9 MESES)
2	2024	10.727,16 €	1,00%	107,27 €	10.834,43 €	2.275,23 €	13.109,66 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
3	2025	10.834,43 €	1,00%	108,34 €	10.942,77 €	2.297,98 €	13.240,75 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
4	2026	10.942,77 €	1,00%	109,43 €	11.052,20 €	2.320,96 €	13.373,16 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
5	2027	11.052,20 €	1,00%	110,52 €	11.162,72 €	2.344,17 €	13.506,89 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
6	2028	14.302,89 €	1,00%	729,59 €	15.032,48 €	3.156,82 €	18.189,30 €	SI NON EXERCE OPCIÓN DE COMPRA, INCREMENTO DO CANON EN 2 PUNTOS + IPAVP ANTERIORES
7	2029	15.032,48 €	1,00%	150,32 €	15.182,80 €	3.188,39 €	18.371,19 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
8	2030	15.182,80 €	1,00%	151,83 €	15.334,63 €	3.220,27 €	18.554,90 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
9	2031	15.334,63 €	1,00%	153,35 €	15.487,98 €	3.252,48 €	18.740,46 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
10	2032	15.487,98 €	1,00%	154,88 €	15.642,86 €	3.285,00 €	18.927,86 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
11	2033	15.642,86 €	1,00%	156,43 €	15.799,29 €	3.317,85 €	19.117,14 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
12	2034	15.799,29 €	1,00%	157,99 €	15.957,28 €	3.351,03 €	19.308,31 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
13	2035	15.957,28 €	1,00%	159,57 €	16.116,85 €	3.384,54 €	19.501,39 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
14	2036	16.116,85 €	1,00%	161,17 €	16.278,02 €	3.418,38 €	19.696,40 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
15	2037	16.278,02 €	1,00%	162,78 €	16.440,80 €	3.452,57 €	19.893,37 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
16	2038	16.440,80 €	1,00%	164,41 €	16.605,21 €	3.487,09 €	20.092,30 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
17	2039	16.605,21 €	1,00%	166,05 €	16.771,26 €	3.521,96 €	20.293,22 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
18	2040	16.771,26 €	1,00%	167,71 €	16.938,97 €	3.557,18 €	20.496,15 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
19	2041	16.938,97 €	1,00%	169,39 €	17.108,36 €	3.592,76 €	20.701,12 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
20	2042	17.108,36 €	1,00%	171,08 €	17.279,44 €	3.628,68 €	20.908,12 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
21	2043	17.279,44 €	1,00%	172,79 €	17.452,23 €	3.664,97 €	21.117,20 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
22	2044	17.452,23 €	1,00%	174,52 €	17.626,75 €	3.701,62 €	21.328,37 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
23	2045	17.626,75 €	1,00%	176,27 €	17.803,02 €	3.738,63 €	21.541,65 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
24	2046	17.803,02 €	1,00%	178,03 €	17.981,05 €	3.776,02 €	21.757,07 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR
25	2047	17.981,05 €		179,81 €	18.160,86 €	3.813,78 €	21.974,64 €	HIPOTESIS IPC ANO ANTERIOR

(1) Cálculos realizados con hipotético "índice de prezos aluguer de vivendas provinciais" (IPAVP) anual do 1% Aplícase o IPAVP ata que o INE publique o "índice de aluguer de oficinas autonómico", (disposición transitoria da Lei DESINDEXACIÓN)



Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. A constitución dun dereito de superficie con opción de compra sobre a parcela B-04 do Polígono Industrial Outeda-Curro, Barro, a favor da empresa TECFRISA INSTALACIONES E INGENIERÍA S.L (CIF B-94070471), conforme ao cadro de financiación reflectido no informe da Intervención Provincial, de data 23 de febreiro de 2023, e cun prazo de vixencia de 25 anos.

Segundo. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, o superficiario procederá ao ingreso, dentro dos trinta días seguintes á notificación da adxudicación do dereito de superficie sobre a citada parcela, da parte proporcional do canon anual ofertado calculado desde o momento da notificación da adxudicación ata a finalización do ano natural en curso (31 de decembro), máis o IVE correspondente; o ingreso realizarase mediante transferencia bancaria á conta corrente e no prazo que se indique ao efecto na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra (achegarse factura), e contabilizarase con cargo ao concepto orzamentario “23/456-609.00 *venta de parcelas polígono*” no primeiro exercicio 2023.

Terceiro. Nas seguintes anualidades o canon anual actualizado (conforme á fórmula de revisión prevista na cláusula novena), máis o IVE correspondente, ingresarase mediante transferencia bancaria á conta corrente que se indique ao efecto, dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, no prazo que se sinala na liquidación que se practique e notifique pola Deputación de Pontevedra

19.32355.- APROBACIÓN DE CAMBIO DE NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550 (O GROVE)” (Expte.2022039816)

Resultando. - Que na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 9 de decembro de 2022, adxudicou o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)*”, nese mesmo acordo nomeouse para levar a cabo a dirección de obra ó enxeñeiro xefe dos servizos técnicos D. Francisco Alonso Fernández.

Visto o escrito de 20 de febreiro de 2023 do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestructuras e Vías Provinciais, no que comunica que por motivos de organización do departamento técnico, o enxeñeiro D. JAIME DAVID RUIBAL DE SOLA pasará a exercer as funcións de Director da obra de referencia.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros. Sendo por tanto a Xunta de Goberno o órgano de contratación competente neste expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Deixar sen efecto o nomeamento de D. Francisco Alonso Fernández efectuado no acordo da Xunta de Goberno nº 11.32374.

Segundo.- Nomear director da obra “*Mellora da seguridade viaria na e.p. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550 (O Grove)*” (Expte 2022039816) o enxeñeiro D. Jaime David Ruibal De Sola adscrito ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais como enxeñeiro de Proxectos.

20.32356.- APROBACIÓN DE CAMBIO DE NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - MARTORES DENDE O P.Q. 1+050 ATA O P.Q. 1+500 (CONCELLO DE VALGA)” (Expte. 2022007989)

Resultando. - Que na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 22 de xullo de 2022, adxudicou o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (concello de Valga)*”, nese mesmo acordo nomeouse para levar a cabo a dirección de obra ao enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Jaime Ruibal de Sola.

Visto o escrito de 20 de febreiro de 2023 do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, no que comunica que por motivos de organización do departamento técnico, o enxeñeiro Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, pasará a exercer as funcións de director da obra de referencia.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros. Sendo por tanto a Xunta de Goberno o órgano de contratación competente neste expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Deixar sen efecto o nomeamento de Jaime Ruibal de Sola efectuado no acordo da Xunta de Goberno nº 13.31997 de 22 de xullo de 2022.

Segundo.- Nomear director da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores desde o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (concello de Valga)*” (Expte 2022007989) ao enxeñeiro D Francisco Alonso Fernández adscrito ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais como enxeñeiro xefe dos servizos técnicos.

21.32357.- APROBACIÓN DE CAMBIO DE NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA-PONTE CALDELAS, ENTRE OS P.Q. 8+775 E O P.Q. 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)” (Expte. 2022015054)

Resultando. - Que na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 12 de agosto de 2022, adjudicou o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (concello de Ponte Caldelas)*”, nese mesmo acordo nomeouse para levar a cabo a dirección de obra ao enxeñeiro xefe dos servizos técnicos D. Francisco Alonso Fernández.

Visto o escrito de 20 de febreiro de 2023 do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, no que comunica que por motivos de organización do departamento técnico, o enxeñeiro D. Jaime David Ruibal de Sola pasará a exercer as funcións de Director da obra de referencia.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros. Sendo por tanto a Xunta de Goberno o órgano de contratación competente neste expediente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Deixar sen efecto o nomeamento de D. Francisco Alonso Fernández efectuado no acordo da Xunta de Goberno nº 7.32049.

Segundo.- Nomear director da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (concello de Ponte Caldelas)*” (Expte 2022015054) ao enxeñeiro D. Jaime David Ruibal De Sola adscrito ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais como enxeñeiro de Proxectos.

22.32358.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTES FEDER EELL-2020-005815 E FEDER-EELL-2020-005816 FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.2023008926)

Con data 20/02/2023 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-2020-005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Iluminación exterior sostible XII (Proxecto FEDER-EELL-2020-005815)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pazos de Borbén Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Porriño Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tomiño Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tui
2	Iluminación exterior sostible XIII (Proxecto FEDER-EELL-2020-005816)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa



Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente.

Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación exterior dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución das lámpadas actuais de baixa eficacia por luminarias LED, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións de iluminación que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que conten coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións de iluminación máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións de iluminación con tecnoloxía LED.

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo:

- 31500000 Material de iluminación e lámparas eléctricas
- 45316000-Traballos de instalación de sistemas de alumeado e sinalización
- 45316100-Instalación de equipo de alumeado exterior.

O contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.



De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP”.

A vista do exposto, polo Enxeñeiro Técnico Industrial , Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de Colegiado COITIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL, adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMERO FEDER-EELL-2020005815 e FEDER- EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 (Nº expte 2022054693) redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas.

Vistos os informes de supervisión dos proxectos emitidos polos técnicos do Servizo de Cooperación.

Vistos os informes de fiscalización dos correspondentes proxectos emitidos pola intervención con data 24 de febreiro de 2023 e con data 1 de marzo de 2023 polos que se informan favorablemente os proxectos, informando así mesmo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos correspondentes a “Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-005815 e FEDER-EELL-2020-005816 , do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020” que se detallan a continuación:

Lote	Denominación Lote	Proxectos	Código CSV
1	Iluminación exterior sostible XII (Proxecto FEDER-EELL-2020-005815)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Arbo	TXTENDV41ACRE7WD
		Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pazos de Borbén	QALFZIF5XVTGLFTY
		Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Porriño	QH67C6030VXOQWDR
		Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tomiño	QGRI45JDLV7DV0YX
		Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Tui	1OFGFBR79RQQFRPO



2	Iluminación exterior sostible XIII (Proxecto FEDER-EELL- 2020-005816)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meaño	QWKMQCQPK757Y9U9
		Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Meis	QW4XIB9Y57FV2CFE
		Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa	QQZUCO5QH71ZSR9G

Os proxectos foron redatados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de Colegiado COITIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL.

23.32359.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓN DE BANDA ANCHA EN DOUS PROXECTOS PILOTOS WIMAX RURAL”. (Devogarán 2023011798)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada no ano 2008, adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do contrato relativo a “*Servizo corporativo de telecomunicacións de banda ancha en dous proxectos pilotos WIMAX RURAL*” (Expte. Ano 2009).

Para responder da realización deste contrato, a empresa R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A. (CIF.- A15474281), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 8.056,46 euros segundo consta na carta de pagamento con número de operación 200900059772, de data 16/07/2009.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que procede a devolución da mesma ao non comunicar o subministro correspondente ningún vicio ou defecto na realización do obxecto ao que fai referencia o contrato dos que puideran derivarse responsabilidade algunha por parte do contratista durante o seu prazo de vixencia.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A. (A-15474281), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo corporativo de telecomunicacións de banda ancha en dous proxectos pilotos WIMAX RURAL*” (Expte. Ano 2009), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANKINTER*, por importe de 8.056,46€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/07/2009, segundo mandamento de ingreso con número de operación 200900059772.

24.32360.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DE DIVERSOS FONDOS LIBRADOS DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA PRESENTADAS POLAS PERSOAS HABILITADAS DE VARIOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS GASTOS DOS OBES DO MES DE NOVEMBRO DE 2022. (Exptes.-2022076498-2022076502-2023001461-2023001463-2023001464-2023001466-2023001474)

Por Resolución Presidencial número 2022000659 de data 28 de xaneiro de 2022 autorizouse a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) por importe global de 15.200,00 euros, así como a reordenación das aplicacións orzamentarias, dos habilitados e dos importes dos anticipos de caixa fixa. Posteriormente por Resolución Presidencial número 2022002757 de data 12 de abril de 2022, efectuouse unha modificación da citada resolución ampliando a mesma para incluír novos servizos e habilitados quedando un importe total do anticipo de caixa fixa xeral para os gastos de locomoción de persoal (OBES) por importe global de 16.270,00 euros.

Resultando que a Intervención detectou unha serie de incidencias en relación cunhas xustificacións efectuadas de fondos librados de “*anticipos de caixa fixa*” do ano 2022 por diversos funcionarios que figuran como persoas habilitadas nos seus centros xestores, que impediron a aprobación destas contas xustificativas polo procedemento ordinario establecido na base 33ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2022.

As incidencias detectadas afectan os gastos dos OBES do mes de novembro de 2022 e foron as seguintes:

Expediente	Habilitado	Detalle gastos	Importe	Incidencia detectada
2022076468	Carmen Salinero Corral	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	23,60 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>



2022076502	Marina Piñeiro Novo	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	137,74 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>
2023001461	Francisco Alonso Fernández	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	703,88 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>
2023001463	Mª Concepción López Paz	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	2,10 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 09/01/2023</i>
2023001464	Francisco Alonso Fernández	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	194,43 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>
2023001466	Marcos Galiñanes Varela	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	1.894,81 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>
2023001474	Ana María Soto Prieto	LOCOMOCIÓN PERSOAL OBES NOVEMBRO 2022	223,44 €	<i>Incumpre base 33ª orzamento 2022 e non se chegou a aprobar por Resolución Presidencial a conta xustificativa no exercicio 2022. A xustificación presentouse o día 11/01/2023</i>

Resultando que a Intervención en relación as citadas incidencias emite informe con data 23 de febreiro 2023 onde efectúa as seguintes consideracións:

- A base 33ª do orzamento provincial para o ano 2022 establecía que antes do 15 de decembro de 2022 as persoas que figuren como habilitados de fondos librados de “Anticipos de caixa fixa” deberán render contas xustificativas dos gastos realizados con estes fondos no exercicio de 2022.



- A circular para o peche e liquidación do orzamento do exercicio 2022 de data 21 de novembro, determinaba que os habilitados que dispuxeran de “*Anticipos de Caixa Fixa*” debían presentar a súa conta xustificativa antes do 26 de decembro de 2022, evitando que queden operacións pendentes de aplicar ao orzamento.

Resultando que no mencionado informe da Intervención de data 23 de febreiro de 2023 déixase constancia da existencia de crédito para facer fronte as xustificacións dos fondos librados de caixa fixa polos importes e con cargo as aplicacións do vixente orzamento provincial que se indican a continuación:

Expediente	Aplicación orzamentaria	Importe	Detalle gastos	Habilitado Anticipo
2022076468	23/413.4123.231.20	23,60 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Carmen Salinero Corral
2022076502	23/942.9420.231.20	137,74 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Marina Piñeiro Novo
2023001461	23/456.4530.231.20	703,88 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Francisco Alonso Fernández
2023001463	23/410.4100.231.20	2,10 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Mª Concepción López Paz
2023001464	23/456.4530.231.20	194,43 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Francisco Alonso Fernández
2023001466	23/920.9200.231.20	1.894,81 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Marcos Galiñanes Varela
2023001474	23/232.2312.231.20	223,44 €	Locomoción persoal OBES novembro 22	Ana Mª Soto Prieto

Considerando o establecido nos artigos 34.1, f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 185 e 190 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 61.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como na base 33ª de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2023 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumpran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento as obrigas ás que se refiren as seguintes xustificacións de fondos librados de anticipos de caixa fixa do ano 2022:



- A presentada pola Xefa do Servizo da Estación Fitopatolóxica do Areiro, Carmen Salinero Corral, por un importe global de vinte e tres euros con sesenta céntimos (23,60 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos a Estación Fitopatolóxica do Areiro durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/413.4123.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada pola Xefa do Servizo de Cooperación, Marina Piñeiro Novo, por un importe global de cento trinta e sete euros con setenta e catro céntimos (137,74 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Servizo de Cooperación durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/942.9420.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada polo Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández, por un importe global de setecentos tres euros con oitenta e oito céntimos (703,88 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/456.4530.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada pola Xefa do Servizo de Medio Ambiente, María Concepción López Paz, por un importe global de dous euros con dez céntimos (2,10 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Servizo de Medio Ambiente durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/410.4100.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada polo Xefe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández, por un importe global de cento noventa e catro euros con corenta e tres céntimos (194,43 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Parque de Maquinaria durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/456.4530.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada polo Xefe do Parque Móbil, Marcos Galiñanes Varela, por un importe global de mil oitocentos noventa e catro euros con oitenta e un céntimos (1.894,81 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Parque Móbil durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/920.9200.231.20 do vixente orzamento provincial.
- A presentada pola Xefa do Servizo do Centro Príncipe Felipe, Ana María Soto Prieto, por un importe global de douscentos vinte e tres euros con corenta e catro céntimos (223,44 euros) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo realizados cos OBES utilizados polos vehículos adscritos ao Centro Príncipe Felipe durante o mes de novembro de 2022. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 23/232.2312.231.20 do vixente orzamento provincial.



2. Que por parte da Intervención se de conta ao Pleno da aprobación das mencionadas contas xustificativas no informe anual cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

25.32361.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL - IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOIA)” (Expte. 2022074028)

No desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0104 Ramal Igrexa de Figueirido, que transcorre polo *Concello de Vilaboa* e que ten unha lonxitude de 636 m.

A E.P. 0104 que serve de acceso á Igrexa de Figueirido é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma reducida, con beiravías de escasa entidade e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios, nun treito de importante afluencia de tránsito peonil (os principais focos de atracción son o Cemiterio e a Igrexa de Santo André de Figueirido).

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO (CONCELLO DE VILABOIA)” coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Vilaboa*, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0104 (Igrexa de Figueirido) entre os PP.QQ. 0+000 e 0+636. O itinerario consta de 636 m de lonxitude, ao longo do cal se contempla ademais das obras de pavimentación e construción da senda peonil de formigón coloreado, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Con data 14 de marzo de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Vilaboa*, convenio de colaboración para a execución do proxecto de obras “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”, por un importe de 502.647,50 euros.



Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o *Concello de Vilaboa* mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	351.853,25 €	70
Concello de Vilaboa	150.794,25 €	30
Total investimento	502.647,50 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías provinciais, , solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro José P. Gosende Tuñas, adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, cun orzamento base de licitación de 502.647,50 euros IVE icluido. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) T`ZHRLA28TKEQKIE7.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300005568 por importe de 351.853,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02.2022 e RC número 202300039550 por importe de 150.794,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 2 de febreiro de 2022asinado polo enxeñeiro xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández, onde se fai constar que as obras a executar compren coa normativa urbanística e coa normativa de avaliación ambiental, advertindo que será necesaria a expropiación de 1.922,65 m2.

Resultando.- Que consta no expediente autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 39 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022 acordou aprobar definitivamente o proxecto “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP-0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)*”, cun orzamento de licitación de 502.647,50 euros.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)* cun orzamento base de licitación de 502.647,50 euros IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe..... 415.411,16 euros
IVE (21%)..... 87.236,34 euros
Importe Total..... 502.647,50 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): AZWKAYHMEM3X1T0D, e de prescricións técnicas con código (CSV) TZHRLA28TKEQKIE7, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 502.647,50 euros. O importe de 351.853,25 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e o importe de 150.794,25 euros 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

26.32362.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 8+213 (CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS)” (Expte.2022070657)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a E.P. 8004 Caldas-Vilanova que percorre os termos municipais de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 8.213 km.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na estrada EP-8004 Caldas-Vilanova resulta necesario proceder á reparación da estrada, mediante a execución de saneos e o fresado da capa de rodadura en mal estado. Posteriormente, procederase á aplicación dun simple tratamento superficial e o recrecido do firme existente mediante a



extensión dunha capa de formigón bituminoso en quente. Finalmente, repoñerase a sinalización horizontal e vertical, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanova, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino o proxecto de execución da “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanova, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*” cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202300005463 por importe de 1.042.029,28 euros con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente que conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable.

Resultando.- Que con data 01/03/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo unha serie de observacións en relación coas autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 19/06/2020 e por Augas de Galicia de data 13/07/2020.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/01/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanova, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)*”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)”* cun orzamento base de licitación de 1.042.029,28 euros IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	861.181,22 euros
IVE (21%).....	180.848,06 euros
Importe Total.....	1.042.029,28 eurosº



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 79MRCCXB3JASJFLX, e de prescricións técnicas con código (CSV) W5Y4YKJEO2Q1R9E3, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.042.029,28 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01.2022 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

27.32363.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.K 21+070 AO P.K. 22+444” (Expte. 2022073086)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 7201 Cachafeiro - Silleda, que transcorre polos *Concellos de Forcarei e Silleda*. Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable. O proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Silleda*, e concretamente entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444 da E.P. 7201, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin as actuacións consisten na execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda entre ditos P.Q. creando un itinerario peonil continuo e seguro. A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación da capa de rodaxe da estrada, a execución dunha nova rede de pluviais e un treito da rede de saneamento, así como a instalación dunha rede de alumeadado soterrada e a implementación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito e a construción de muro de sostemento onde sexa preciso.

O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	554.909,62€
Presuposto base de licitación	660.342,45 €
Presuposto base de licitación con IVE	799.014,36 €



3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos:

- xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras (23-02-2023).
- supervisión favorable do proxecto (24-02-2023)

Por acordo da Xunta de Goberno municipal, adoptado en sesión de 12 de xaneiro de 2023, o Concello aprobou o convenio – Código de validación 2IL3UX8X6TREFHG- obxecto deste informe-proposta. Así mesmo o Concello adquiriu o compromiso de financiación da achega municipal con fondos propios constando no expediente documento RC con cargo á aplicación 2023.4540.76100 do orzamento municipal.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.



O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	639.211,49 €	80
Concello de Silleda	159.802,87 €	20
TOTAL	799.014,36 €	100

A Deputación financiará a súa achega, 639.211,49 euros (80%), con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02.

A achega do *Concello de Silleda* será de 159.802,87 euros (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria. Financiarase con fondos propios e deberáselle ingresar á Deputación á formalización do convenio, antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



5ª Procedemento e órgano competente para a aprobación

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

- Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio da Secretaría Xeral da Deputación con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación do convenio é a Xunta de Goberno e de competencia do Pleno a aprobación do cambio de titularidade da estrada E.P. 6512 Rúa de Silleda, previsto na cláusula 5.3.

En aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 o convenio formalizado deberá ser posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia, con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nun vial provincial e tamén se reponen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da L LRJSP
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Logo do informe da Intervención Xeral.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Silleda* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444. CONCELLO DE SILLEDA”.

INTERVENEN

María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Manuel Cuíña Fernández, alcalde do Concello de Silleda, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 7201 Cachafeiro- Silleda, que transcorre polo Concello de Silleda.

VI.- A E.P. 7201 que conecta Cachafeiro con Silleda é de dobre sentido de circulación e no treito de actuación do proxecto, a estrada conta con dous carrís de circulación cun ancho de plataforma variable, sen beirarrúas nin sendas peonil en ningunha das marxes en case todo o tramo, que permita a mobilidade peonil de forma segura e cómoda.

Debido a esta circunstancia no treito entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444. CONCELLO DE SILLEDA" para dotar a zona dunha zona de tránsito peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no concello de Silleda, e concretamente entre o P.Q. 21+070 e o P.Q. 22+444 da E.P. 7201, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin as actuacións consisten na execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda entre ditos P.Q. creando un itinerario peonil continuo e seguro. A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación da capa de rodaxe da estrada, a execución dunha nova rede de pluviais e un treito da rede de saneamento, así como a instalación dunha rede de alumeado soterrada e a implementación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito e a construción de muro de sostemento onde sexa preciso.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto:

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución do proxecto de obras de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444. CONCELLO DE SILLEDA".

O obxecto principal do proxecto é a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación mediante a execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe esquerda do treito, creando un itinerario peonil continuo e seguro. A maiores, o proxecto contempla tamén a renovación da capa de rodaxe da estrada, a execución dunha nova rede de pluviais e un treito da rede de saneamento, así como a instalación dunha rede de alumeado soterrada e a implementación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito e a construción de muro de sostemento onde sexa preciso.



Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a seiscentos sesenta mil trescentos corenta e dous euros con corenta e cinco céntimos (660.342,45€), máis cento trinta e oito mil seiscentos setenta e un euros con noventa e un céntimos (138.671,91€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de setecentos noventa e nove mil catorce euros e trinta e seis céntimos (799.014,36€).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Silleda mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>639.211,49 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Silleda</i>	<i>159.802,87 €</i>	<i>20</i>
<i>TOTAL OBRAS</i>	<i>799.014,36€</i>	<i>100</i>

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Silleda será de 159.802,87 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiase con fondos propios e deberáselle ingresar á Deputación á formalización do convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Silleda obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, saneamento, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*



- 3) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
 - E.P. 6512 Rúa de Silleda
- 4) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444. CONCELLO DE SILLEDA”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Silleda faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio:

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2024.



A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes. En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio

Décima.- Resolución:

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego,*

*Polo Concello de Silleda,
Manuel Cuiña Fernández,*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar á presidenta para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Concello de Silleda e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019. Para o efecto, o Centro Xestor remitiralle unha copia do convenio formalizado á Unidade Responsable da Transparencia.



28.32364.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2023012203, que contén 2 facturas e por un importe de 241,89 euros, e con CSV: 0RUAAPNFM2RITYMH, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/02/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	241,89 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	241,89 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2023012205, que contén 12 facturas e por un importe de 9.381,05 euros e con CSV: X2NJM42ZB8G3RIGO, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/02/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	9.381,05 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	9.381,05 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



29.32365.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN JUVENIL SARAIVA DO MAR, DO CONCELLO DE SANXENXO, PARA O “CERTAME DE LITERATURA FANTÁSTICA”, DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022 (Expte.2022017822)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2022 unha subvención a favor da *Asociación Juvenil Saraiva do Mar do Concello de Sanxenxo*, con CIF: G-36324523, por un importe de 900,00 euros, para o “*Certame de Literatura Fantástica*” con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05, e recibido escrito WEB 2023007470, con data 09/02/2023 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, dacordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

30.32366.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN POR “XIRA GALEGA BALONMÁN PRAIA 2022”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Expte. 2022026280)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Federación Galega de Balonmán* con NIF: G36690832, do *Concello de Vigo*, por un importe de 2.077,97 euros, para “*Xira Galega Balonmán Praia 2022*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023011401 con data 24/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.32367.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB ATLETISMO TUI POR “ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL – ATLETISMO”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 29/07/2022 (EXPTE. 2022031130)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor de *Club Atletismo Tui* con NIF: G36259620 do *Concello de Tui*, por un importe de 935,72 euros, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Atletismo)*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023009457 con data 17/02/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a súa imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



32.32368.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E MELLORAS EN DIVERSOS VIAIS, CAMIÑOS E LUGARES DE PONTECESURES”. (Expte. 2023005874)

Antecedentes:

- Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.
- O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).
- Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.
- O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.
- De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.



- No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.
- En data 30/01/2023 por rexistro WEB2023004419 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Pontecesures* na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 82.019,34 euros, con destino ao financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO E MELLORA EN DIVERSOS VIAIS, CAMIÑOS E LUGARES DE PONTECESURES”, cun orzamento polo mesmo importe.
- A petición do Concello configúrase tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	82.019,34 €	82.019,34 €	-----

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fan precisas as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, tendo en conta que nesta versión do proxecto (reformado nº4) non se inclúe a intervención na rúa do Rial, e que nas outras zonas con afección sectorial prevense as mesmas actuacións que no proxecto inicial, cómpre sinalar que as obras previstas xa contan coa autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 06/02/2023.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.



- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

38.32374.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN EN TRAVESÍA SANTO DOMINGO, TUP”.
(Expte.2023005931)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspondíalle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. Para exercicio 2023 se segue a respectar a autonomía local, pero a contía asignada a cada concello, de acordo coas Bases Reguladoras das Liñas 2 e 3 aprobadas por acordo



plenario de 28 de outubro de 2022 e publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022, como consecuencia da invasión rusa en Ucraína e as medidas de contención da Unión Europea, os concellos que así o soliciten poden destinar ata o 30% da cantidade asignada na Liña 1 do exercicio 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc (Liña 2).

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 30/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de TUI na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 465.075,98 euros, con destino ao financiamento “*Humanización en travesía Santo Domingo, Tui*”, cun orzamento por importe de 465.075,98 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	465.075,98	465.075,98	0,00	0,00
TOTAL	465.075,98	465.075,98	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.482,80 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; o concello achega dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 13/02/2023.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Regulamento (UE) nº 269/2014 do Consello de 17 de marzo de 2014 relativo á adopción de medidas restritivas respecto de accións que menoscaban ou ameazan a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 30 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece a partir do 01/07/2022 a obriga de clasificar para re-utilizar os elementos xa utilizados
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación a lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *legem ferendae*, permite acudir a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que así o fagan, ademais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/02/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 13/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/02/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF P3605500B, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2023), a cantidade de 465.075,98 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización en travesía Santo Domingo, Tui*” (Expte. 2023005931) cun orzamento polo importe de 465.075,98 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2023	465.075,98	465.075,98	0,00	0,00
TOTAL	465.075,98	465.075,98	0,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.482,80 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de TUI deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

39.32375.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN CONCELLOS PARA A AMORTIZACIÓN DE DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS, ACREDORES DE GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS 2023, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “GASTO CORRENTE 2023” (Expte.2023005557)

Antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 28 de outubro de 2022, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 208 do 31 de outubro de 2022. As axudas reguladas nas bases poderán ser solicitadas polos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ao censo do exercicio 2021.
- Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



- Este Plan de carácter anual aprobado baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, está dotado para o programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) con 9.500.000,00 euros con cargo a partida 23/942.9425.462.03 e para a liña 2, na que se engloba a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais etc., 3.000.000,00 euros que serán con cargo ás partidas 23/942.9425.762.46, 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 dependendo de cal sexa a tipoloxía do gasto. Ademais, dótanse as aplicacións 23/942.9425.462.45 e 23/942.9425.462.00 con 1.000.000,00 de euros adicionais que se repartirán exclusivamente entre os concellos que non superen os 20.000 habitantes.
- Mediante Resolución Presidencial aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial. No caso de non terse producido o pagamento das débedas correspondente, a Deputación de oficio procedera a detraer o importe da débeda do crédito do 2023.
- De acordo coa base reguladora 1ª do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2), a Líña 2 está destinada a amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais e/ou derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc.
- Ante a repercusión que está tendo a incerteza ocasionada pola guerra de Ucraína nas tesourerías municipais, as bases contemplan a posibilidade que de os concellos que o desexen destinen ata o 30% da cantidade asignada na liña 1 (investimentos) para o 2023 ao programa de amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gastos derivados da prestación de servizos municipais e/ ou derivados da realización de actividades culturais, deportivas, sociais, etc. (líña 2)
- En data 25/01/2023, con rexistro núm.WEB2023003850, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (líña 2), petición do *Concello de Vilanova* de Arousa na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 72.491,45 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente 2023*” (Expte. 2023005557), cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2023	72.491,45 €	72.491,45 €	0,00 €



- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2023 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Festa do momo 2023	27.588,00 €	27.588,00 €
Servizos de difusión de diferentes accións de comunicación e marketing	18.089,50 €	18.089,50 €
Sonatas de verán 2023	26.813,95 €	26.813,95 €
TOTAL	72.491,45 €	72.491,45 €

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases Reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información



dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Disposicións específicas do programa destinado á amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, etc (liña 2) 2023, nas que se recolle o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables, así como o prazo e lugar de presentación de solicitudes.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que, na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.
- Base Reguladora 13ª das bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (liña 2), que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 09/02/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/03/2023, elévase a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa*, CIF:P3606100J, a cantidade de 72.491,45 euros, para a realización da actuación “*Gasto corrente 2023*” (Expte.:2023005557), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (líña 3) e a amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos 2023 (líña 2) , aprobadas por acordo núm.5.7876 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 28/10/2022 e publicadas no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base 6ª do capítulo III das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

40.32376.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA”. (Expte.2022049711)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e



tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 5002, que transcorre polo *Concello de A Cañiza* e que ten unha lonxitude de 12.770 metros e comunica os núcleos de A Cañiza e Mouretán.

Resultando.- Que as obras que se pretenden realizar, están encamiñadas ó acondicionamento da estrada EP-5002 entre os núcleos de As Achas e a Ponte, ó longo duns 560 metros, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil. Previamente ó inicio das obras é preciso proceder á demolición dos pavimentos existentes que non sexan compatibles coa nova solución proxectada e dos muros de fábrica, bordos e cunetas revestidas que entren non ámbito da actuación, así coma ó fresado do firme nos entronques. Tamén se procederá á retirada de varandas e barreiras, sinais, etc. e á adaptación de pozos de rexistro e arquetas á cota da nova rasante.

Resultando.- Que con data 20 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de A Cañiza*, convenio de colaboración par a execución da obra “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” por importe de 411.015,58 euros.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de A Cañiza* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	287.710,91 €	70
Concello A Cañiza	123.304,67 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	411.015,58 €	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGOS, S.A. D. Pablo Blanco Ferreiro, o proxecto de execución da obra “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” cun orzamento base de licitación de 411.015,58 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC con número 202300007773 e 202300022901, por importes de 324.702,31 euros e 86.313,27 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 22 de novembro de 2022 asinado polo enxeñeiro xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.

Resultando.- Que tamén constan no expediente autorizacións da dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (CSV 59RBI6LOK3RUH4NJ), por atravesar a actuación a contorna de protección da Ponte das Achas e do peto de ánimas da ponte, e autorización da Confederación Hidrográfica do Miño Sil (CSV EZQOA068URO4VDS3), por desenvolverse o proxecto na zona de policía do río Deba e do regato da Ponte das Achas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 01/04/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”, redactado pola enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 411.015,58 euros IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE.

Resultando.- Que no anexo nº8 do proxecto aprobado, relativo á reposición de servizos afectados recóllese que execución das obras require o paso de aéreo a soterrado dunha liña de enerxía eléctrica en baixa tensión e a reposición de 5 postes de formigón, afección que se deberá tramitar coa empresa privada Naturgy.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 24/02/2023 emitiu informe preceptivo o Secretario Xeral da Deputación, recollendo o seguinte:

“...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Na execución das obras deben terse en conta os condicionantes sinalados nas autorizacións sectoriais polos organismos afectados así como a duración e vixencia das mesmas...”



Resultando.- Que con data 01/03/2023 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte:

“...Respecto das autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras cabe sinalar que a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil recolle como condición que as obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses contados a partir da data de notificación da autorización (10 de xuño do 2022). Convén lembrar o indicado no proxecto técnico no relativo á reposición de servizos afectados, en canto a que “a execución das obras require o paso de aéreo a soterrado dunha liña de enerxía eléctrica en baixa tensión e a reposición de 5 postes de formigón, afección que se deberá tramitar coa empresa privada Naturgy”. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Cabe por de manifesto que, na Providencia de inicio de expediente, existe un erro nos apartados 11, 12 e 13 xa que non consta ningún tipo de acordo nin instrución da Intervención Provincial a ese respecto, sendo incorrectas, por tanto, as redaccións dos citados apartados e polo que deben suprimirse esas referencias en futuras providencias de inicio de expedientes que se tramiten no futuro. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato.”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*



Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adjudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*” cun orzamento base de licitación de 411.015,58 euros IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	339.682,30 euros
IVE (21%).....	71.333,28 euros
Importe Total.....	411.015,58 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): BRYQCZ24XUHIT9GW, e de prescricións técnicas con código (CSV) GZTRHJD0WOG5NAIE, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 411.015,58 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/456.4530.612.02.2022 e 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adjudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

Na execución das obras deberán terse en conta os condicionantes sinalados nas autorizacións sectoriais polos organismos afectado, a duración e vixencia das mesmas, así como a tramitación coa empresa Naturgy o paso de aéreo a soterrado dunha liña de enerxía eléctrica en baixa tensión e a reposición de 5 postes de formigón.



41.32377.- COMUNICACIÓNS.

Non houbo

42.32378.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

